

## EXPOSICIÓN: COA MÚSICA A ESTA PARTE: SONS DE LÉREZ.

A asociación sociocultural CEDOFEITA de Lérez, organiza a súa tradicional exposición anual do verán. Nesta ocasión terá por título: “ Coa música a esta parte: Sons de Lérez” e, como o seu nome indica, xirará arredor do mundo da música.

A mostra está articulada mediante fotografías de músicos, grupos musicais, orquestras... relacionados coa nosa parroquia, verdadeiro núcleo de afeccións musicais e na que naceron agrupacións de sona.

Un apartado tratará das agrupacións de tipo folklórico que foron moi numerosas: Grupo do Teleclub, Airiños do Lérez, Os Vagalumes, etc sendo o máis antigo Os Alegres de Lérez que naceu contra os anos corenta impulsado polos Rutilos e continuando cos Canicouba que organizaban o enterro da sardiña alá polos anos cincuenta.

Son destacables as sagas de músicos, algunhas delas xa van pola cuarta xeración. No campo da gaita temos aos “Jaita” que toman o alcuño do instrumento que tocaban; os “Simón” tiveron o seu patriarca en Manuel Simón que alegraba á xente tocando o seu acordeón por bares e cafeterías do centro de Pontevedra e amenizando vodas e bailes polos arredores, os seus fillos tamén foron músicos en destacadas orquestras con diferentes instrumentos e xa os compoñentes da terceira e cuarta xeración destacan neste eido. Unha saga de moito renome é a dos Diosiño que arranca en Casal Novo a finais do século XIX con José Benito Dios que tocaba o acordeón e os seus fillos tamén tocaban o violín pero o que máis sona acadou foi César Dios “ Diosiño” falecido o 2008, fundador da orquestra Florida e que levou o seu acordeón por todo o mundo. Outra rama desta familia é a encabezada por Juan Dios, organizador de comparsas para o entroido, os seus fillos tocaron en diferentes banda de música e o neto, Manuel Canosa, teclista, acordeonista e voz solista, foi compoñente de grupos tan coñecidos como Los Estelares ou Agarimo.

Non faltan na exposición músicos como Ramos, Sabino, Aurelio, Moncho ou un coñecido creador de orquestras como é Manolo Pérez, alma mater de Copacabana, Mariachi X, e outras, actuando con elas en gran parte de España e mesmo na televisión acompañando a coñecidos cantantes.

Pero non nos esquecemos das novas xeracións e estilos musicais contando coa presenza de Guillermo Lavía, Severiano Casalderrey ou o coñecido gaiteiro Álvaro Novegil. Apartado especial é o dos clásicos vocalistas como Donato Moldes que, ademais de cantar, era un artista coas maracas, Santi González, os irmáns Picolo ou “O Joselito pontevedrés”. Algúns gravaron discos como Félix Cons da nova canción galega dos anos setenta ou o coñecido empresario Paco Barbeitos que interpreta cancións de Machín , non faltando persoa como José González Castiñeira que ademais de músico ( orquestra Montes) ocupou destacados postos a nivel organizativo sendo presidente do Sindicato Profesional de Músicos Españoles.

Completará a mostra unha exposición de instrumentos e traxes así como outros obxectos relacionados.

A exposición terá lugar no mosteiro de Lérez, cedido desinteresadamente polo cura párroco D. Crisanto Rial.

Esta mostra estará aberta os días 6, 7, 8 e 9 de agosto en horario de mañá de 11 a 14 e de tarde de 7 a 10 . O acto de inauguración terá lugar ás 11 horas do xoves 6. Haberá interpretacións musicais: Xoves ás 11, José Simón e ás 20 horas Canosa e Ramos; sábado día 8 ás 19 horas, Félix Cons.

A asociación sociocultural CEDOFEITA convida a todos os pontevedreses a visitar esta exposición que, con carácter aberto e gratuíto, se celebrará nos vindeiros días.

Para máis información: X. Álvarez Castro. Tf 986 871569 .

X. Luis Estévez Tf 636299805

Xaime Iglesias Tf 986 871252